

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 2 DE AGOSTO DE 2007.-**

**Presidente:**

Sr. Alcalde-Presidente  
D. José Iván Puentes Rivera.

**Asistentes:**

D. Antón Lois Noceda Carballo.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa.  
D. Manuel López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Amalia García Balado.  
D. Manuel Angel Rodríguez Carballeira.  
D. José Antonio López Rodríguez.  
D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido  
D. Edgar Antonio Vigo López.  
D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo.  
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín  
D. Manuel Polo Gundín.  
D. Gumersindo Pedro Galego Feal.  
D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente.  
D. Juan José Franco Casal.  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral.  
D. Manuel Sánchez Martínez.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as dezoito horas e sete minutos do día dous de agosto de dous mil sete, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Don Antón Lois Noceda Carballo, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Silvar Canosa, Don Manuel López Rodríguez, D<sup>a</sup> Amalia García Balado, Don Manuel Angel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, D<sup>a</sup> Rita María Couto Seijido, Don Edgar Antonio Vigo López, D<sup>a</sup> Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Manuel Polo Gundín, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, D<sup>a</sup> Rocio Aurora Bértoa Puente, Don Juan José Franco Casal, Dona M<sup>a</sup> Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Asiste á sesión a Interventora accidental, Dona Milagros López Álvarez e actúa como secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, Secretaria Xeral do Concello, que da fe do acto.

**Interventora accidental:**

D<sup>a</sup> Milagros López Álvarez

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria.

**Secretaria:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

**1º.- APROBACION, SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA EN DATA 12 DE XULLO DE 2007.**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde-Presidente pregúntase se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión extraordinaria celebrada en data 12 de xullo de 2007, previamente remitida coa convocatoria.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que na acta, na segunda páxina, existe un erro de transcripción, xa que comenza cunha frase incompleta.

Seguidamente, con permiso da Presidencia, intervén a Sra. Secretaria e manifesta, que ao comezo da páxina 2 , onde di:

“fixo en español e que, sen ánimo de causar polémica, lle gustaría que así constase, xa que se o fixese en galego, o pediría igual.”

debe dicir:

“Pide o uso da palabra a Sra. Bértoa Puente quen, unha vez concedido, manifesta que lle gustaría que houbera unha pequena modificación na acta á hora do xuramento, xa que ela o fixo en español e que, sen ánimo de causar polémica, lle gustaría que así constase, xa que se o fixese en galego o pediría igual.”

Non producíndose máis intervencións, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á votación ordinaria a aprobación da acta da sesión extraordinaria celebrada en data 12 de xullo de 2007, coa rectificación indicada, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a acta da sesión celebrada en data 12 de xullo de 2007 coa rectificación anteriormente indicada.

## **2º.-DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS DOS VOCEIROS DOS GRUPOS POLÍTICOS RELATIVOS Á ADSCRIPCIÓN DE REPRESENTANTES NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.**

Seguidamente dáse conta dos escritos presentados polos voceiros dos grupos políticos do PSde-G-PSOE, BNG, PP e grupo mixto sobre representantes dos mesmos nas diferentes Comisións Informativas.

## **3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

A continuación dáse conta das Resolucións da Alcaldía desde a número 617 de data 25 de xullo de 2007 ata a número 702 de data 30 de xullo de 2007.

De seguido intervén o Sr. Alcalde-Presidente e manifesta que se produxo un erro administrativo, xa que, se ben na documentación orixinal deste Pleno constan todas as Resolucións adoptadas desde o último pleno ordinario, á hora de fotocopiar as mesmas, só se fotocopiaron desde a 617, polo que se deixa contancia desta falta e están a disposición de calquera concelleiro que as quera consultar e de calquera xeito na vindeira sesión de setembro traeranse esas resolucións que hoxe non estiveron fotocopiadas para que as puidesen consultar e darase conta delas na sesión de setembro.

## **4º.- MOCIÓNS URXENTES.**

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que desexa someter á consideración do Pleno unha moción que vai no seguinte sentido :a raíz dunha sentenza xudicial a inspección educativa da comarca de Ferrol perdeu a presenza física de inspectores educativos, e que desde o seu grupo político entenden que pode verse minusvalorado este servizo que se leva prestando desde o ano 1983 con tres inspectores, que estes teñen destino a partir de agora na Coruña, polo cal a comunidade educativa da comarca desde Mañón ate Ares, tería que desprazarse á Coruña a resolver calquera tema ; que a moción vai no sentido de que se lle demanda a Consellería de Educación que manteña e que mellore este servizo de inspección educativa, porque entenden que é un servizo fundamental para a inspección e control da calidade do ensino, e di que considera urxente o tratamento desta moción neste Pleno polo feito de que en

educación o mes de agosto é un mes no que se organiza e se planifica o inicio do curso escolar no mes de setembro polo que no mes setembro estaríase xa moi preto do inicio do curso , polo que entende que se debería de tratar neste Pleno, que o único que se fai é demandarlle á Consellería que o teña en conta e que o valore oportunamente para tomar as medidas para garantir o mantemento e mellora deste servizo.

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente sométese á votación ordinaria a urxencia da moción, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a urxencia da moción.

De seguido, pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, procede a dar lectura á moción do grupo municipal do BNG de data 30 de xullo de 2007, que transcrita literalmente di:

#### **“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO DE FENE**

Manuel Polo Gundín (32.668.642V) portavoz do grupo municipal do BNG, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte Moción.

##### **Exposición de motivos:**

Ao fío dunha sentenza que atinxe á situación do persoal da inspección educativa de Ferrol, que fai referencia exclusivamente a unha cuestión de relacións laborais, e como resultado de que desde a Consellería de Educación non se teñan adoptado medidas alternativas, todo fai prever que nos vindeiros días desapareza o servizo de inspección educativa que abrangue até agora as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Este servizo que contaba desde o ano 83 con tres inspectores e un mestre en comisión de servizos e que no ano 85 fora ampliado a catro inspectores diarios e dous administrativos – ten unha área de influencia dende Mañón até Ares; afectando a un total de 110 centros públicos, 24.646 alumnos e alumnas e 2.356 mestres. Estamos a falar dun servizo de vital importancia para o funcionamento da administración educativa nas comarcas anteditas e, lóxicamente no caso de confirmarse a medida prevista, dun evidente retroceso nos xá de por sí escasos servizos dos que dispomos nestas tres comarcas.

Neste sentido, entendemos urxente a adopción de medidas tendentes a evitar que se cheque a confirmar esta medida; pulando polo mantemento e mesmo necesaria mellora dos servizos; polo que o Grupo Municipal do BNG no concello de Fene propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

#### **ACORDOS**

**1º.- Demandar da Consellería de Educación a adopción da medidas necesarias que eviten a desaparición do servizo de inspección educativa que viña funcionando nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal; garantindo o mantemento e a mellora do mesmo.**

**2º.- Remitir copia deste acordo á Consellería de Educación, Delegado Provincial da Consellería e Portavoces dos grupos no Parlamento Galego; ao obxecto de que no seu respectivo ámbito de actuación adopten as medidas necesarias para evitar o desmantelamento do servizo”.**

Aberto o debate, intervén o Sr. Polo Gundín e di que o que se pretende é que se apoie a moción porque o que se busca fundamentalmente é que se manteña e que se mellore este servizo que se viña prestando desde hai máis de vinte e cinco anos, practicamente.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen, unha vez concedido, manifesta que cre que o que se pide na moción é acertado, pero vai a matizalo un pouco, porque é acertado no senso de que ,efectivamente, calquera servizo que desapareza da comarca de Ferrol, loxicamente sempre vai ir en prexuízo dos administrados, xa que van ter que trasladarse, neste caso, ás oficinas da Coruña para resolver calquera tipo de problema, e que nese sentido cree que era un servizo bastante utilizado e bastante recorrente por parte dos pais dos alumnos que teñen que trasladar á inspección moitas veces determinados problemas que xorden ó longo do curso académico; que por iso cree que toda descentralización é boa e que toda privación de servizos, como o que agora ven como consecuencia desas sentenzas, vai ser malo para todos os veciños e veciñas da comarca de Ferrol, polo que cre que efectivamente é acertado, pero é acertado e por iso van a votar a favor polo que se está demandando, pero que o que sí lle ten que dicir ós propoñentes desta moción e que cre que xa lle teñen un nome en Santiago, que se chama “gobi-oposición”, que non se sabe se é goberno ou oposición, porque hai que darse conta de que o que se está a pedir aquí, quen o ten que resolver, son os que están gobernando, aínda que a Consellería sexa do PSOE, pero o goberno é un bipartito; di que xa sabe que non hai moita comunicación entre un lado e outro e que hai dúas cabezas visibles, pero quizáis sería moi aconsellable que lle dixeran ó Sr. Quintana, que en vez de andar tanto de festa cos vellos, ou en vez de andar tanto por aí con anuncios da Consellería de Vicepresidencia, que parecen que son exemplos exemplificativos para nenos de primaria, en vez de adicarse a isto, convenlle máis adicarse, e sentarse en Santiago a resolver estes problemas; di que isto sería un problema de forma pero, a parte tamén hai un problema de fondo; que eles poden apoiar isto no senso de que non queren que desapareza a inspección de Ferrol, pero que isto non é competencia do Concello; que se eles aquí teñen que arrimar o ombro van botar unha man para que ese servizo non desapareza, pero quen o ten que facer son os que gobernan; que parécelle moi lóxico o que se está a pedir, pero que teñen que poñerse as pilas os que gobernan e que o fagan, xa que non están na oposición, senón que son o goberno; que polo tanto quizáis conviña concertar as reunións oportunas entre as dúas forzas de goberno políticas. Continúa o Sr. Galego Feal a súa intervención dicindo que , se ben non sabe cál vai ser a postura do PSdeG-PSOE verbo desta moción, sí sabe que no Concello de Narón foi a de abstención e que dos tres plenos que se celebraron, xa houbo un asunto no que os dous partidos que forman o goberno municipal non votaron o mesmo e que agora teme que, ao mellor haxa outro.

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen, unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor porque calquera servizo que desapareza é negativo para a comarca e outra cousa sería que houbese outra proposta nova de quen está gobernando.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo, quen unha vez concedido, manifesta que, en relación á moción, o Partido Socialista non pode apoiar a mesma, a pesar de estar de acordo de que a inspección educativa teña a dotación de medios suficientes na comarca, porque se fala do desmantelamento do servizo de inspección educativa, o voceiro do BNG fala de que se quita da comarca, pero o único que de verdade sucede é que o servizo temporalmente vai a estar sen funcionarios incorporados a Ferrol ,e di temporalmente porque os funcionarios estaban asignados, que por unha sentenza xudicial ganáronlle a Administración e son trasladados á Coruña e por parte do Delegado Provincial da Consellería de Educación xa se informou, e disto tamén é coñecedor o BNG, porque precisamente é resposta a unha pregunta del no Parlamento de Galicia, que non hai prevista unha modificación da estrutura da inspección educativa en toda a provincia, e tampouco hai prevista ningunha modificación da estrutura da inspección educativa en Ferrol; que simplemente o que ocorre é que este ano o persoal que había destinado alí gañou unha sentenza, e foron destinados á Coruña e temporalmente vanse a facer cargo do servizo ,en

tanto en canto esas prazas non se cubran , inspectores dos sectores achegados a Ferrol que sacaran menos puntuación no concurso de traslados . Continúa o Sr. Noceda Carballo a súa intervención e di que polo tanto cre que a preocupación non se traslada correctamente e tamén lle parece que hai un punto de demagogia nas afirmacións que se realizan no documento que se lles presenta, porque non hai ningunha vontade política de eliminar o servizo de Ferrol; di que contestouse con tempo cal era a situación, que a estrutura mantense e só existe un problema temporal, derivado ademáis dunha sentenza xudicial que obriga á Administración a tomar unha determinada resolución , tendo que aceptar o traslado dos funcionarios que estaban en Ferrol á Coruña, polo que se reverterá en canto sexa posible, dotando ó servizo do persoal que necesita para funcionar. Remata a súa intervención o Sr. Noceda Carballo dicindo que por iso a súa posición será a abstención, porque entenden que se debe defender o servizo e non entenden que a moción responda a realidade dos feitos que acontecen.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen, unha vez concedido, manifesta que quere matizar o que se dixo, e agradecerlle ó Partido Popular que apoie esta demanda, pero que quere deixar constancia dunha cousa clara; que o Bloque Nacionalista de Fene, igual que o resto da comarca, detectan un problema e o levan ó lugar de representación dos veciños, e ademáis cren que como órgano de representación poden facer unha chamada de atención sobre este ou calquera outro asunto que atinxa a calquera outra Administración, que eles non entenden a Administración Local como un elemento pechado onde só se falen de cuestións locais ou de capacidade de xestión municipal, senón que entenden que os veciños e as veciñas teñen outros servizos que prestan outras Administracións. Continúa o Sr. Polo Gundín a súa intervención dicindo que, por outro lado , as diferencias políticas en cuestións deste tipo é normal que existan porque trátase de cuestións políticas, que en moitos casos é normal que os grupos teñan diferentes puntos de vista, e polo que respecta ó acordo de goberno do Concello de Fene, o Partido Popular pode estar tranquilo mentres as diferenzas non vaian nas cuestións que teñen no acordo; di que o resto son espazos de debate, que eles consideran que é normal, que é san e democrático que existan .

Seguidamente pide o uso da palabra o Sr. Galego Feal, quen, unha vez concedido, manifesta que precisamente por iso é polo que eles van votar a favor, é dicir, aínda que non é unha competencia municipal, se desde aquí, có seu apoio, pódese lograr que iso non desapareza, o apoiarán. Continúa o Sr. Galego Feal dicindo que en relación ao que dixo o Sr. Noceda de que efectivamente o servizo non vai a desaparecer, un servizo sen funcionarios non existe, é dicir, o servizo pode estar aí, pero se non hai funcionarios que o atendan é como se non existise; di que se as dúas forzas políticas que están hoxe en día no Goberno da Xunta, se este é un problema puntual que xurde como consecuencia dunha sentenza que dicta o Xulgado do Social de Ferrol, o que teñen que facer é poñerse as pilas, e nese senso coller e tratar de dotar o servizo dos funcionarios, pero dunha forma urxente, xa que o curso está aí, no mes de setembro; que, polo tanto, cre que calquera actuación que se deba facer desde o Concello para poder impulsar, ou axudar ou poñer o ombro a que iso se resolva canto antes mellor que mellor, pero que, loxicamente, iso é competencia do goberno da Xunta de Galicia, e que no goberno está o PSdeG-PSOE e o BNG; que o PSOE, que ostenta a Consellería de Educación, lle poña solución a este asunto coa máxima rapidez posible, porque si é posible poñerlle rápida solución e si é posible dotar dentro dos prazos que marca a lei, coa convocatoria dos concursos de traslados ou as incorporacións que haxa que facer, cunha rapidez medianamente aceptable, que os servizos se cubran, porque senón moito se teme que ,ao mellor,no mes decembro ten que repetir a moción o Partido Popular.

Rematado o debate, polo Sr. Alcalde-Presidente sométese a votación ordinaria a moción obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos Sres/as Couto Seijido, Vigo López, Roca Requeijo, Pico Sanmartín, Polo Gundín, Galego Feal, Bértoa Ponte, Franco Casal, Fornos Corral e Sánchez Martínez.

Votos en contra: Ningún

Abstencións: Sete (7), dos Sres/as Puentes Rivera, Noceda Carballo, Silvar Canosa, Manuel López Rodríguez, García Balado, Rodríguez Carballeira e José Antonio López Rodríguez.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a moción do grupo municipal do BNG anteriormente transcrita.

### **5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberta a quenda de rogos e preguntas pide o uso da palabra a Sra. Bértoa Ponte quen unha vez concedido manifesta que quere facer unha pregunta en relación coa oficina municipal de turismo municipal que, como anunciaba o goberno municipal ían tela desde o mes de xullo e agosto, unha caseta instalada na Avda. Naturais, na curva do antigo mercado municipal, e desde o Partido Popular están totalmente a favor do desenrolo turístico, di que parécelles que Fene realmente é moi bonito, que hai que dalo a coñecer, igual que o Alcalde no seu block que di que aínda que Astano traballase a tope, intentaría que Fene fose competitivo noutros sectores nos que poidese xerar máis emprego, máis riqueza, porque unha economía que dependa dun sector é malo; que eles tamén pensan así, que canto máis riqueza mellor, canto máis sector económico mellor pero que o desenvolvemento do turismo non ten que facer esquecer que hai un sector naval aí, e que para que exista un desenvolvemento turístico en Fene necesítase unhas infraestructuras; que non sabe si están ao corrente de cantas prazas hostaleiras hai en Fene, bastantes poucas e tampouco dispoñen dun restaurante cunha ampla capacidade para acoller unha comida de numerosa xente. Continúa a Sra. Bértoa Ponte a súa intervención dicindo que en segundo lugar tamén están ao corrente de que teñen a atención da oficina turística por unha bolseira, cun horario de once a dúas e media que non parece un horario moi turístico tampouco, e tamén saben que a instalación da caseta depende da Deputación, por iso saben que non é culpa do grupo de goberno, pero que na Deputación tamén está o partido que goberna aquí no concello e imaxina que as relacións serán boas e lle gustaría saber cando se vai instalar esa caseta, porque ía estar en xullo e agosto e xullo xa está rematado.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Polo Gundín quen unha vez concedido di que lle gusta que fagan esas preguntas porque cada unha delas ten resposta; que a nivel xeral, a área de promoción económica da que el é responsable, na primeira comisión se vai levar unha programación global de todo o que son as liñas básicas; que na área logo cada cuestión haberá que desenvolve-la; que unha cuestión práctica a día de hoxe, a caseta de turismo está adxudicada e pendente de que a mesa de contratación na Deputación resolva o concurso, o problema é que se constituíu a Deputación hai pouco e hai un problema de espazo temporal das persoas que teñen que facer este traballo, tanto a nivel de funcionariado como político, non é por exculpar a ninguén pero tomou posesión o outro día e a última vez que chamou que foi a semana pasada, non lle concretaron en que días sería; di que é un servizo que nunca se prestou e non é o mesmo que se fora un servizo que xa se prestara, pero no momento que se preste será continuamente no verán e noutras datas que sexan de interese informativo e turístico e o horario da bolseira obedece basicamente a que está facendo un traballo de recompilación e de deseño de documentación e información turística, mais que un traballo propiamente de información ao cidadá porque efectivamente non hai esa referencia, ese punto informativo e que son tamén conscientes de que o lugar non é o mellor para que o turista acceda; di que estase a facer o traballo de enviar a reedición de Fene

descóbreo ás distintas oficinas de información da comarca e solicitou información a Tur Galicia e a verdade é que tampouco poden correr mais mentres non esté equipado o tema.

A continuación pide o uso da palabra a Sra. Fornos Corral quen unha vez concedido manifesta que pide se tomen medidas coa recollida de voluminosos. A Sra. Roca Requeijo intervén e resposta que o tema dos voluminosos é que pasou a final de mes e recolleu todo pero tanto en Naturais como nun sitio en Maniños e Limodre, xa se volveron a botar; que non é cuestión de que non se recollan senón de que se botan cando non se debe de botar que mañá o recollerá o Concello por iso de que son as festas pero que é culpa da cidadanía.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Franco Casal quen, unha vez concedido, manifesta que quere facer un rogo, e sinala que tomaron un exame concienciado das resolucións da alcaldía e constatan alomenos seis resolucións que non coinciden cos informes de secretaría e intervención co cal o rogo é no sentido de se faga un pouco máis de caso aos informes dos técnicos porque ao fin e ao cabo para iso están contratados e cos prexuízos que podería ter para o concello que algunha persoa interesada montase un contencioso administrativo, xa que a economía municipal non está para botar foguetes e se por enriba ten que facer fronte a un contencioso, que o rogo en todo caso é ese, que se faga máis caso aos informes dos técnicos municipais, e iso referido a partir do 24 de xuño, xa que non saben se antes había máis.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que con respecto ás resolucións da alcaldía anteriores ao 24 de xuño, loxicamente non é el quen ten que respostar, e que con respecto ás resolucións asinadas por el si pode dicir, porque cando era voceiro da oposición neste pleno si que en numerosas ocasións e así consta nas actas tiña chamado a atención sobre a contradicción sobre as Resolucións e informes de técnicos que acompañaban esas resolucións, que na súa labor como Alcalde é especialmente coidadoso con respecto aos informes dos distintos técnicos municipais nas súas respectivas áreas, que non hai ningunha resolución que teña todos os informes negativos, hai algunhas, moi poucas, cre que non mais de catro ou cinco que si que se dictaron con algúns informes a favor e algúns en contra de diferentes técnicos, polo tanto nesa situación si que é verdade que o grupo de goberno e a Alcaldía en concreto que é quen as asina tivo que tomar decisións sobre qué informe seguir e en base a qué informes apoiarse para aprobar ou non esas resolucións, pero son casos nos que un técnico informaba a favor e outro en contra, pero non hai ningunha que teña todos os informes en contra, e cre recordar rapidamente que houbo un par delas que si que tiñan algún apercibimento por parte de Secretaría, en ningún caso apercibimentos graves nin que poidesen acarrear consecuencias graves para o Concello, porque nos casos nos que iso se produciu esas resolucións non foron adoptadas.

A continuación, pide o uso da palabra o Sr. Franco Casal quen, unha vez concedido, di que xa que di que non houbo ningunha que teña todos os informes en contra, en concreto a 689/2007 di textual: “esta secretaría comparte o anteriormente sinalado pola Intervención municipal polo que a xuízo da que subscribe non se axusta á legalidade a aplicación das tarifas do imposto de vehículos”, ou sexa que nese caso si serían dous en contra.

Intervén o Sr. Alcalde e di que tería que mirar esa resolución concretamente pero que ningunha das que se aprobaron tiñan todos os informes en contra, pero se mira esa en concreto e se aclara pero que ningunha está aprobada con todos os informes en contra.

A continuación pide o uso da palabra o Sr. Sánchez Martínez quen unha vez concedido manifesta que ten unha cuestión que ven de hai tempo, que cando chega o verán o tema da limpeza das praias, indubidablemente se contrata e non depende do Concello polo que sería un rogo de que se teña en conta, e xa se fixo en lexislaturas pasadas, que hai unhas datas do

15 de xullo ao 15 de setembro e había que tratar de modificar esas datas para que poidera ser do 1 de xaneiro ao 1 de setembro, e aínda que o verán este ano non veu, o normal é que no mes de xullo esté mellor que o de setembro. Continúa o Sr. Sánchez Martínez dicindo que en canto á empresa que se contratou estalle a chegar moitas queixas sobre a deficiencia na forma en que se realiza e pide que haxa un maior control sobre a empresa contratada.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo quen unha vez concedido manifesta que, contestando ao rogo do voceiro de EU, simplemente para aclarar que cando o Alcalde sae elixido, incluso antes da constitución de goberno, das primeiras cousas que se detectaron e a raíz dunha convocatoria da Deputación que precisamente é a que financia o servizo de limpeza de praias, di que non soamente a axuda estaba sen solicitar, cando faltaban semana e pico para que rematara o prazo, senón que ademais o servizo estaba sen contratar; di que a partir de aí, no mesmo día dáse orde aos servizos técnicos do concello para que elaborasen o proxecto a levar a cabo en base ao que estaba elaborado en anos anteriores e se iniciase o procedemento de contratación. A partir de aí hai uns prazos que non se poden obviar, que son os propios do procedemento de contratación e é verdade que iso non sería explicable en anos sucesivos en canto dálle toda a razón e ademais debe facerse así, é un servizo que se sabe que hai que facelo todos os anos e non se debe esperar a finais do mes de xuño para contratalo; que no mes de xaneiro ou febreiro xa se pode sacar o concurso público e adxudicalo a quen corresponda, por tanto nese senso soamente a explicación é que a eles non lles quedou máis marxe de tempo que o que tiveron, e a partir de aí evidentemente a administración ten uns prazos de procedemento de contratación que hai que cumprilos; que neste caso a verdade é que incluso se agradece a colaboración dos servizos técnicos do concello da secretaría en canto a buscar que os prazos foran o mínimo que a lei esixía para proceder á contratación da forma correcta. Continúa o Sr. Noceda Carballo dicindo que en canto aos servizos que están prestando é verdade que nun primeiro momento detectaron que había algunha deficiencia, fundamentalmente en canto ao enfoque e organización do servizo, que se empezou por traballos de desbroce e de acceso e limpeza de troncos e elementos máis voluminosos e non se prestou atención probablemente ao que era máis urxente, que era a limpeza da area, aspecto que cre que xa se leva corrixido nos últimos días; di que cre que xa rematou o traballo groso de limpeza das praias e se centraron no traballo fundamental desta época, pero cre que é derivado fundamentalmente de algo que comentaba o voceiro de EU, que este ano empezouse moi tarde, porque se empezara no momento correcto habería unha semana ou semana e pico para facer o traballo de desbroce, accesos, limpeza de aparcadoiros, etc., e no momento do uso das praias xa estaría o tema resolto, por tanto cre que este ano é algo excepcional, produto ás veces das lóxicas consecuencias dun cambio de goberno; que en calquera caso, adquirir o compromiso de que o ano que ven realizárase nos meses de xaneiro e febreiro para que esté previsto e no momento en que chegue o bo tempo, as praias de Fene estén en perfecto estado. Di que a verdade que tamén quere aproveitar a intervención para facer un autorrogo porque é ao goberno en contestación a un rogo que se fixo polo Partido Popular en canto á sinatura de resolucións que non teñen todos os informes favorables, cre que cando se len parcialmente determinadas resolucións dan imaxes evidentemente parciais e un tanto trastocadas da realidade, porque é verdade que algunhas resolucións se adoptaron con algún informe desfavorable, por exemplo se adoptou cun informe desfavorable que se paguen as subvencións das entidades do ano pasado e do anterior, neste momento este goberno tiña dúas opcións, ou desfán o proceso, se espera a facer un novo, se perden as subvencións deses dous anos, as entidades non cobran ou asumen que algo estaba mal feito e lle dan a solución que menos prexudica aos veciños e veciñas de Fene, que é que se pagasen esas subvencións, aínda recoñecendo que o proceso non foi todo o correcto que debía ser pero en todo caso non é responsabilidade deste goberno e que, en calquera caso, non sexan os veciños de Fene os prexudicados; di que por tanto cre que dificilmente alguén vaia denunciar ao Concello porque se cumpre algo que era de xustiza, que é que as entidades de Fene



deixen de esperar case dous anos para poder cobrar as subvencións que o concello tiña comprometidas. Continúa dicindo que por outra parte, dentro desas resolucións hai cousas como que se pague a unha entidade como a Asociación Chamorro pola prestación dun servizo ao Concello que se contratou no seu momento e no seu momento se contratara ben ou mal, a empresa prestou o servizo, realizou o traballo e a decisión que se trataba de tomar nese momento era a esa empresa que ademais depende dunha entidade sen ánimo de lucro que está facendo unha labor encomiable na comarca, e ¿porqué estivo mal feito o procedemento de contratación o Concello non paga e lle provoca un perxuízo a esta entidade?, ou asume que antes se fixo mal pero dálle unha solución pagando a unha entidade dunha transcendencia da que estase a falar e cunha actividade tan sensible para a cidadanía, que estivo prestando ademais con corrección e con eficacia para este concello; que por tanto cre que tamén as cousas hai que poñelas no seu correspondente contexto e o que non se pode soamente informar sobre determinados aspectos de cuestións que son moito máis de fondo; que en todo caso o autorrogo o mantén para o goberno de que sigan actuando con decisión e os problemas cando son graves e importantes hai que afrontalos con decisión, valentía e sabendo que o que ten que primar fundamentalmente son os intereses dos veciños e veciñas de Fene, porque a eles é a quen se deben e en ningún caso deben permitir que porque procedementos que se iniciaran incorrectamente no seu momento agora os prexudicados sexan os veciños.

Intervén o Sr. Alcalde e manifesta que quere facer unha matización sobre a resolución á que facía referencia o Sr. Franco Casal que se refire ao cobro dun imposto de vehículos de tracción mecánica dunha rodaxe, e que desexa aclarar dúas cousas; que é certo que hai informe desfavorable de secretaría, que hai un informe de intervención que, se se fixa, pon un reparo ao xeito de cobrar ese imposto un reparo tanto de secretaría como de intervención, baseados no que foi no seu día a aprobación das ordenanzas e das taxas municipais; di que o informe de intervención ao final di que en todo caso o que intervención informe non acarrea carácter suspensivo, por tanto o alcalde non ten que levantar ese reparo, non ten que levantar ese informe negativo de intervención para aprobar a resolución, simplemente intervención deixa constancia de que no seu día o proceso non se iniciou de xeito correcto e que hai cousas que hai que matizar no futuro nas seguintes ordenanzas, que este goberno está comprometido a matizar e a corrixir cando aproben as vindeiras ordenanzas do 2008, pero en todo caso non é un informe que acarree carácter suspensivo que, polo tanto, dálle liberdade ao Alcalde para aprobar esa resolución sen incorrer en ningún tipo de contradicción nin de prexuízo legal para o Concello de Fene, e non facelo suporía que o Concello renunciase a ingresar todos os impostos de vehículos de tracción mecánica que estanse a cobrar no Concello durante esta temporada e, polo tanto abocaríase ao concello a unha situación económica grave, e é renunciar a unha parte importantísima dos ingresos que ten o Concello de Fene para logo acometer as obras que realmente son necesarias; di que por iso dicía que ningunha das resolucións teñen informes realmente negativos, e que hai cantidade de cuestións que se modifican día a día precisamente polas matizacións que fai secretaría, intervención e os diferentes técnicos municipais ás diferentes cuestións que pasan pola xestión diaria do Concello.

Acto seguido pide o uso da palabra o Sr. Franco Casal quen, unha vez concedido, manifesta que a intervención do voceiro do Partido Socialista é un pouco demagóxica ao empezar directamente aludindo que senón non cobrarían as asociacións; di que el descoñecía totalmente o dato de que unha das resolucións que se fixeron con informe en contra foi para pagar ás asociacións co cal da intervención incluso poderíase deducir que o que queren é evitar que cobren as asociacións, o que lles parece o colmo. Continúa dicindo que a intervención ía no senso de que todas as resolucións, ou parte das resolucións, agás casos que efectivamente apunta o Sr. Alcalde de casos de gravidade, de perxuízo para o Concello, a maioría das resolucións é bo que se fundamenten nos informes de secretaría e

intervención, co cal o rogo é nese sentido, e nada máis, o resto parécelle de mal gusto e a pregunta non era esa precisamente senón xusto o contrario, para evitar meterse nalgún lío xurídico xa que hai moitos problemas económicos e sería engadir un máis.

De seguido pide o uso da palabra o Sr. Noceda Carballo, quen unha vez concedido manifesta que unicamente quere dicir que se da súa intervención se desprende que o Partido Popular tamén apoia que se pagaran concretamente eses servizos, agradecer moitísimo a súa intervención porque sen dúbida esa posición contribuirá a que se solucionen en positivo moitos dos problemas do Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás dezoito horas e cincuenta e tres minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo elo a presente acta, do que eu, secretaria , dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-presidente

A secretaria

Asdo. José Iván Puentes Rivera.

Asdo.: Pilar María Pastor Novo.